

Respostas ao traballo sobre O FURACÁN LORENZO E O CAMBIO CLIMÁTICO

1. Por que a tempada de furacáns no hemisferio norte é a finais do verán?

Porque é cando os océanos están máis quentes.

2. Que é o que alimenta os furacáns?

Auga quente abaixo e aire frío arriba + a enerxía liberada na condensación do vapor de auga.

3. Que é a forza de Coriolis? Que a orixina? Como afecta ao movemento dos fluídos no hemisferio norte?

Unha forza debida a rotación da Terra. A causa de este xiro, as traxectorias dos fluídos que se atopan en movemento sobre a superficie terrestre se desvían a dereita para todo o que esté situado no hemisferio norte e a esquerda o que quede no Hsur.

4. Que é o Chorro Polar (Jet Stream)?

As correntes en chorro son fluxos de aire que van circulando en altura a gran velocidade de oeste a leste. Existen catro correntes en chorro circulando o planeta, dúas en cada hemisferio. A corrente en chorro pola (Jet Stream), que se atopa aos 60° de latitude, tanto no hemisferio norte como no sur, é a responsable da dinámica xeral da atmosfera nas latitudes medias.

Estas correntes se atopan casi chegando o límite da troposfera, a uns 10 kilómetros de altura en latitudes medias, onde poden acadar velocidades ata 400 km/h. O Chorro Polar se corresponde en superficie co Frente Polar.

5. Por que ao ascender de latitude os furacáns debílanse? Por que se debilitan ao tocar terra?

Por diminución da T^a

6. No texto di que “a Corrente do Golfo proporcionoulle algo máis de combustible”. Que característica da Corrente do Golfo é responsable dese aporte de enerxía?

A súa elevada T^a

6. Que pensas que sucedería coa tempada de furacáns se a T^a media dos océanos aumenta?

Aumentarían en intensidade, frecuencia e áreas afectadas.